

PROGRAMACIÓN MÓDULO DE ATENCIÓN SANITARIA INICIAL (DISTANCIA)

Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36017430	Ricardo Mella	Vigo	2017/2018

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CMSAN01	Emerxencias sanitarias	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de adultos

Profesora: M^o Esther Arjona Díaz

UNIDADES DIDÁCTICAS:

<u>UD.1:</u>	Recoñecemento dos signos de compromiso vital.
<u>UD.2:</u>	Aplicación de técnicas de soporte vital básico
<u>UD.3:</u>	Desfibrilación externa semiautomática
<u>UD.4:</u>	Clasificación das vítimas
<u>UD.5:</u>	Clasificación das accións terapéuticas na atención a múltiples vítimas

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

1. CUALIFICACIONES PARCIAIS (TRIMESTRAIS)

Titoría colectiva: Aqueles contidos e actividades que se fagan nestas titorías poderán entrar nos exames presenciais, para o cal ditos contidos e actividades serán subidos a plataforma polo profesor.

Os contidos de carácter práctico, que deben ser realizados polo alumno na aula de prácticas, o ser contidos de carácter meramente manual non serán subidos a plataforma.

Os seguintes criterios teranse en conta á hora de calcular a cualificación de cada período de avaliación parcial (cada trimestre)

- **Proba escrita exclusivamente (exame)**: cun peso do **85%** da cualificación da avaliación. Esta proba valorarase do 0 a 10. É imprescindible obter un mínimo dun 5 nesta proba para poder considerar os demais criterios de cualificación.

O ser un módulo anual faráanse tres exames o longo do curso coincidindo con cada avaliación. As datas dos exames comunicaránse con suficiente anterioridade.

- **Proba escrita mais proba práctica (exame)**: Además do exame tipo test e na segunda avaliación os alumnos farán unha actividade de avaliación do SVB que será de carácter obrigatorio. Neste caso o alumno terá que ter superados os dous exames práctico e teórico, para aprobar a avaliación e cada un deles corresponderá:

-Exame teórico 40% da nota (do **85%** correspondente os criterios de cualificación do módulo)

- Exame práctico o 60% da nota (do **85%** correspondente os criterios de cualificación do módulo).

Orientacións para os exames presenciais:

Os exames son de carácter presencial. Constarán dunha parte teórica e/o unha parte práctica. A parte teórica incluírá unha proba obxectiva e cuestións de resposta aberta de maior ou menor extensión ou test. A parte práctica requirirá o desenvolvemento de diversas tarefas a partires dun (ou varios) suposto(s) e/ou na cumplimentación de imaxes.

Además do exame tipo test e na segunda avaliación os alumnos farán unha actividade de avaliación do SVB que será de carácter obrigatorio. Neste caso o alumno terá que ter superados os dous exames práctico e teórico, para aprobar a avaliación e cada un deles corresponderá as porcentaxes indicadas

Para ter en conta as puntuacións acadadas nas tarefas en liña e na participación en foros e chats é necesario ter aprobado os exames presenciais.

Os exames parciais e final incorporarán, contidos desenvolvidos durante as sesións presenciais.

Os exames parciais e entrega de tarefas on line son de carácter obrigatorio. A non entrega dunha tarefa on line puntuarase dita tarefa cun cero. Se a suma dos porcentaxes de exame, tarefas e participación nos foros non acada o 5 sobre 10, o alumno non superará a nota da avaliación correspondente.

- **Tarefas on line:** cun peso do **10%** da puntuación. O alumno deberá enviar as tarefas de cada unidade didáctica, seguindo as indicacións propostas polo profesor na plataforma. Baixo ningún concepto aceptarase unha tarefa entregada fóra de prazo. Recoméndase enviar as tarefas con antelación suficiente á plataforma, evitando así o risco de afrontar problemas técnicos de última hora

O alumno que non aprobe o 50% das tarefas de cada período de avaliación, obterá unha cualificación máxima do módulo dun “5” nese trimestre, independentemente das nota obtida no exame

Teredes que facer un máximo de dúas tarefas obrigatorias on line por cada unidade didáctica. A tarefa terá un prazo de apertura e finalización (a súa apertura comunicarase no foro de noticias). O prazo mínimo que teredes para facela é de oito días.

- **Foro:** cun peso do **5 %**. Neste apartado consideramos a participación do alumno no foro realizando comentarios de interese académico e profesional relacionados cos contidos de cada unidade didáctica. O alumno deberá usar o foro cunha actitude de máximo respecto aos compañeiros e profesores. As faltas de respecto no uso do foro suporán que o alumno obteña unha nota de “0” neste apartado.

Para que o alumno alcance a puntuación do 5% neste apartado, debe realizar un mínimo de cinco participacións no foro, cualificando cada entrada con 0,1 puntos. Non se cualificarán as participacións do alumno no foro unha vez realizado o exame teórico correspondente a cada avaliación parcial e final do módulo. Unha vez que o profesor resolva as cuestións plantexadas no foro as respostas posteriores do alumno non contabilizan.

O alumno que non se presentase a máis dun exame parcial e ademais, non aprobe un mínimo do 50% do conxunto das tarefas do módulo, deberá realizar as PROBAS FINAIS EXTRAORDINARIAS

2. PROBAS DE RECUPERACIÓN

2.1 PERÍODO E PROBAS DE RECUPERACIÓN

En caso de suspender algunha avaliación trimestral, o alumno terá unha nova oportunidade de facelo no exame de Recuperación Final que se programará para o mes de xuño. Neste exame, cada alumno terá dereito a recuperar o trimestre que non aprobe ata esa data. Polo tanto, poderá examinarse de 1, 2 ou 3 trimestres.

O alumno para reforzar os coñecementos da avaliación non superada disporá **das actividades de recuperación**. *Son actividades previas o exame de recuperación do mes de xuño, serán similares as que se fixeron o longo desa/s avaliación/s non superadas. Ditas actividades non contabilizarán na nota final, son actividades de reforzo.*

A nota máxima a obter neste exame de recuperación será dun 6/10. Tendo en conta o anterior, a cualificación obtida nese trimestre tralo exame de recuperación calcularase atendendo aos criterios de cualificación.

2.2 PROBAS FINAIS EXTRAORDINARIAS

O alumno que **non se presentase a máis dun exame parcial e ademais, non aprobese un mínimo do 50% do conxunto das tarefas do módulo**, deberá realizar a Proba Final Extraordinaria.

Criterios de cualificación :

- **Proba escrita:** Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita dos coñecementos teóricos, que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. O profesor ou a profesora do módulo profesional cualificará esta primeira parte da proba de cero a dez puntos. Para a súa superación os alumnos/as deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. O alumno que non supere esta proba non poderá realizar o exame práctico.
- **Exame práctico:** consistirá no desenvolvemento de un ou de varios supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

O profesor ou a profesora do módulo profesional cualificará esta segunda parte da proba de cero a dez puntos. Para a súa superación Os alumnos/as deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

O profesor publicará en platega as características e requisitos deste traballo antes do 1 de maio de 2016

Cualificación final.

Para cualificar o alumno aplicaránse os criterios de avaliación:

- o Proba escrita dos contidos teóricos ...50%
- o Exame práctico.....50%

Os alumnos/as que non superen a proba escrita (puntuación igual ou superior a cinco puntos) non poderán presentarse o exame práctico.

Os alumnos/as terán que ter superadas ambas probas (puntuación igual ou superior a cinco puntos), escrita e práctica, para acadar a avaliación positiva no módulo.

Sempre que o alumno obteña a cualificación igual o superior a 5 sobre 10 , en cada parte (teórica e práctica) a cualificación final correspondente o módulo profesional será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima no caso de acadar decimais.

3. CUALIFICACIÓN FINAL DO MÓDULO

A cualificación final do módulo obterase calculando a media aritmética das tres cualificacións trimestrais superadas, tendo en conta o especificado para os alumnos que deban realizar os exames de recuperación.

A cualificación final do alumno que teña que presentarse ás Probas Finais Extraordinarias, calcularase segundo os criterios de cualificación descritos con anterioridade, no apartado 2.2